

Unidade didáctica

1. Introducción.

Partindo da premisa de promover recursos didácticos para o profesorado, o obxectivo desta unidade didáctica está en desenvolver algunhas actividades arredor do libro “Pioneiros protestantes na Atenas de Galicia” co ánimo de aportar á nova materia- Educación para cidadanía e os dereitos humanos- un bo soporte de estudo e reflexión en diversos puntos de vista complementarios.

Os dereitos humanos son un pilar fundamental para o establecemento da convivencia entre iguais. Aínda que non sempre estes dereitos foron extensíbeis a todos, compre sembrar que existiron grupos minoritarios que loitaron por eles. Este é o caso do protestantismo, chamado o pobo do Libro (en referencia á Biblia), que desde finais do século XIX penetrou en toda a península, coa mesma forza que até 1868 fora perseguido, chegando tamén a Galicia. No caso da provincia de Ourense- Atenas de Galicia- vai ter unha importancia singular, ao poder destacar a confluencia con outros grupos perseguidos socialmente como a masonería, os librepensadores, os republicanos e os socialistas.

• TEXTO BASE

A acepción “protestante” segue sendo hoxe en día descoñecida por moitas persoas, xa que frecuentemente acostuma confundirse —ou menos identificarse— como algo que non pertence á relixión maioritaria. É certo que os propios protestantes acadaron un consenso á hora de autodenominarse, o cal contribuíu máis á confusión pero, por outra parte, non é menos certo que, a pesar de todas as súas “variantes denominacións”, si souberon autodefinirse, tendo moitas menos diferenzas entre eles: díganse Bautistas, Pentecostais, Igrexa Evanxélica Española, Evanxélicos, Igrexa Episcopal reformada Española, Igrexas de Irmáns, Igrexas de Cristo, Boas Novas, Luteranos, Menonitas, Calvinistas, Anglicanos, Exército de Salvación, Presbiterianos, Igrexas de Filadelfia, Igrexa do Tabernáculo, Igrexas independentes, entre outras; dicía que existen menos diferenzas que outros grupos que, aínda afirmando pertencer á Igrexa de roma, seguen a “regra” de un e outro “santo canonizado”. Esta diversidade propia do protestantismo, vén a raíz da liberdade que cada membro da igrexa ten á hora de interpretar o LIBRO (a Biblia). Non existen xerarquías, non existe unha Patrística propiamente dita, a cal lles aportara unha tradición e sen a cal non poidan seguir adiante. A única fonte de inspiración e revelación é a Biblia, que é a Palabra de Deus. o único que os move a manifestar a súa fe é, como veremos, o desexo de expresar e compartir o evanxeo na súa mensaxe xenuína e sen ningún engadido. Por exemplo: quizais sexa Xoán 3:16 un versículo que todos coñecen e poden recitar de memoria, no que veñen expresar que só a través do novo nacemento en Cristo a persoa é salva cando, por medio da fe, alcanza a graza de Deus mediante a obra de redención de Xesucristo na cruz, obra perfecta.

o pobo protestante —por empregar un termo común a todos— non acepta con agrado este termo. Actualmente está máis xeneralizado, pero aínda que historicamente procede da resposta dada á resolución ditada na Dieta de Worms ao desterrar a Lutero, non existe unha especial identificación cos reformadores, por moito empeño que algúns poñan. a

21

maioría dos Evanxélicos ou Cristiáns Evanxélicos nunca leron a Lutero, nin a Calvino, e poucos coñecen de zuinglio. Descoñecen con detención cal foi o seu cometido e, polo tanto, non son sensibles á hora de valorar o que supuxo, en primeiro termo, o intento de reformar a Igrexa de roma

e posteriormente o que implicou romper definitivamente e ata os nosos días con ela.

Por outro lado, os protestantes afirman ser a verdadeira igrexa de Deus; por iso se senten católicos e apostólicos. “Católicos” no sentido universal do termo e, “apostólicos”, polo cal seguen as doutrinas dos apóstolos.

Salvado pois o primeiro escollo partiremos do século XIX para observar, a grandes trazos, algúns aspectos relativos á situación política, á sociedade, á economía, e á cultura e educación do momento, abrindo conscientemente unha grandísima paréntese desde o século XVI ao suxerido, ao ser de todos coñecida a eficacia con que se empregou o tribunal do Santo oficio para a exterminación total de calquera ativo protestante nos países nos que tiña competencias. En España, a reforma chegou a penetrar con tanta forza que —segundo palabras de Jaime Balmes, filósofo e teólogo católico— era imparabile: “[...] Deixemos aparte os acontecementos transcendentais ao resto de Europa [...], pero cinxíndonos a España pode asegurarse que a introdución do protestantismo era inminente, inevitable, sen o sistema seguido por aquel monarca [...], recoñézase polo menos que a Inquisición non era un mero instrumento de miras ambiciosas, senón una institución sostida en vista dun perigo inminente”¹. Esta é a razón pola que a inmensa maioría dos historiadores, estudosos e investigadores falan da 2ª reforma. Aquí, non obstante, debemos puntualizar o seguinte: esta 2ª reforma non debe ser entendida como “continuidade” da acontecida no século XVI, senón máis ben como un “partir de cero”, dado os acontecementos anteriormente relatados. Con todo, e antes do comezo da 2ª reforma en España, os presaxios dunha forte penetración do protestantismo no noso país son expresados con claridade na revista *La Cruz*, impresa en Sevilla, na que atopamos, no tomo I de 1854, una recensión sobre o quincuaxésimo aniversario da Fundación da Sociedade Bíblica, na que di “os católicos españois prestarán un gran servizo á relixión queimando cantas Biblias protestantes caian nas súas mans”.

o obxectivo deste traballo é buscar as causas de por que o protestantismo en ourense é tan tardío, ademais de recompilar a historia destes grupos minoritarios na cidade e observar cales foron as súas contribucións á sociedade galega.

Preguntas do profesor para suscitar o debate:

- 1. Que é o protestantismo e a súas variantes denominacionais?**
- 2. Que pensas da frase de Jaime Balmes?. Crees que hai que prohibir outras formas de pensar porque non coinciden coa túa?**
- 3. Crees que os Dereitos humanos deben estar en función dos poderes políticos ou religiosos?**
- 4. En canto aos libros, pensas que a Biblia é un libro religioso?.**
- 5. Que relación ten a Biblia e o protestantismo?**

• ELABORACIÓN DE MAPAS E RUTAS

O protestantismo en Galicia.

- 1. Quen foi George Borrow?. Que libro escribiu?. Que foi o traductor do libro?. O traductor foi laguen importante en España?.**
- 2. Cal foi o percorrido de Borrow?. Por que provincia galega entrou?, visitounas todas?**

3. Borrow tiña facilidade para os idiomas, pero por que non puido aprender o galego?
4. Traza nun mapa de Galicia o percorrido de Borrow.
5. Que é un colporteur?. A palabra ven no dicionario galego?
6. Fai un mural recollendo fotos de revistas e de biblias que repartían as sociedades Bíblicas. Podes buscalas en:

www.protestantedigital.com

www.joseluisfdezcarnicero.blogspot.com

www.sociedadbiblica.org

www.AEEsp.net

- **ESQUEMA**

Fai un pequeno esquema dos diversos grupos que coincidiron en Ourense a partires da revolución de 1868 “A Gloriosa”. Busca documentación sobre os republicanos, a xeración NOS, os librepensadores, a masonería e os gremios de obreiros que se asociaban en sindicatos, nas seguintes páxinas de internet:

Republicanos www.ateneorepublicano.com

Fundación 10 de marzo, www.galicia.ccoo.es/f10m

Imágenes www.imagenescontraelolvido.com

Fundación Luis Tilve www.fundacionluistilve.org

Fundación Francisco Largo Caballero www.ugt.es/fflc/

Fundación Francisco Giner de los Ríos www.fundacionginer.org

Residencia de Estudiantes www.residencia.csic.es

Instituto Internacional www.iie.es

	Obxectivos do grupo	Ano de presenza en Ourense
Masonería		
Protestantes		
Socialistas		
Liberais		
Intelectuais		

- **COMPLETAR AS FRASES**

Texto base. Capítulo 3. Os gloriosos anos 20 (pax 51)

1. A asociación AKADEMICOS de Ourense estaba presidida por.... E o deputado.....
2. O grupo NOS estaba formado por..... E a revista imprimíase nos talleres de.....
3. O sacerdote católico agrarista ourensán..... funda o xornal..... no ano.....
4. Completa a frase do Bispo de Ourense en 1923. “ La simple lectura de los mecionados.....basta para conocer.....no son otros de propagar.....del protestantismo.
5. La escuela Laica neutral era.....
.....la escuela oficial y privada.

• SOPA DE LETRAS

BUSCA 7 termos relacionadas co protestantismo

Obreiro, Biblia, Colportor, Pastor, misionero, Nacer de novo, baixar ás augas

Z A G B Y I Z B O A W W V G L V K H W B
 K L K S A D W Z D F R Q W L V L S I C Z
 J V J H M S N S U O B O R X G V D E R B
 K C F S O G X M R D K H T F R T M B D P
 M O D C S F S I I Q Z A Q S X L T I R Y
 F I X Z F H E I Y V B J D Q A B M U Y G
 N V Q G S R F X K M E L T V H P W M V X
 I H I A B B A I X A R A S A U G A S J M
 C Y C O S Y U R W I U T V M B X N D K B
 C U M G B J K T D U M W T I A R S K W V
 L O Z D N C B I B L I A Z S J F E O S N
 R C L B S M S M T R O V D I M P Q J F L
 F M M P S D Y X J T P P M O F D J D N P
 Z R A E O Q D V H Q Z Z D N P Z K W Q M
 J T U V D R D W D U S N C E M G J H R H
 R S Z F X G T U R Z V S C I K P R P T G
 W Y N X H X D O W F X D B R I U V F P Z
 V W X Q J A K K R I O W E O V O E F C E
 L H G J Z Q V H S I C O Y T X E B R T J
 U W X R N A C E R D E N O V O Q D C R J

SOLUCION

Protestantismo

Solución de la Sopa de Letras:

```
. . . . .
. . . . . R . . . . .
. . . . . O . O . . . . .
. . . . . R . . . T . . . . .
. . . . . I . . . . S . . . . .
. . . . . E . . . . . A . . . . .
. . . . R . . . . . P . . . . .
. . . B B A I X A R A S A U G A S . .
. . . O . . . . . M . . . . .
C . . . . . I . . . . .
. O . . . B I B L I A . S . . . . .
. . L . . . . . I . . . . .
. . . P . . . . . O . . . . .
. . . . O . . . . . N . . . . .
. . . . R . . . . . E . . . . .
. . . . T . . . . . I . . . . .
. . . . O . . . . . R . . . . .
. . . . R . . . . . O . . . . .
. . . . .
. . . . N A C E R D E N O V O . . . . .
```

Sopa de Letras Creada con: SOLBIN v.2.5
Programa Gratuito en: www.exebin.com

- **OUTRAS ACTIVIDADES**

Calcula a distancia en Kms que percorreu en liña recta, ida e volta, D. Venancio Blanco (pioneiro protestande en Ourense) desde Salta (Arxentina) ata Ourense. Tes que ter en conta que antes pasou por outras cidades Argentinas. Podes buscalas nas páxinas 80 e 81 do libro.

- **Fai un listado de compositores que compuxeron música para os grupos protestantes. Podes buscar en:**

**www.aliamusica.com ; www.cduniverse.com ; www.musica.com ;
www.gospelweb.com ; www.protestantedigital.com**